

Opinión



CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

o rodicio do tempo

Álvarez Blázquez e a escolma lírica galega

O pasado 3 de novembro fixo 72 anos que o Seminario de Estudos Galegos, con sede en Compostela, tomou o acordo de celebrar o próximo centenario do nacemento de Rosalía de Castro (o 24 de febreiro de 1937), coa edición dunha *Escolma da lírica galega contemporánea*, na que estivesen todos os poetas con obra na nosa lingua. Na mesma xuntanza encomendóuselle a tarefa a Xosé Filgueira Valverde, que axiña lles manda un "inquérito" a cantos debían estar representados, solicitándolles: datos biográficos, formación, poética, bibliografía etc., e, por último, aqueles poemas que lles gustaría que figurasen na devandita antoloxía.

Un dos seleccionados é Xosé María Álvarez Blázquez, ao que lle chega a folla o 19 de decembro, pero non remitirá a resposta ata o 26 de febreiro do ano seguinte. Daquela contaba con moi pouca obra, e menos aínda en galego, que se cinguía a varios poemas no xornal *El Pueblo Gallego* de Vigo e, sobre todo, na revista *Cristal* de Pontevedra, que fundara el xunto co tamén poeta Xoán Vidal Martínez e Antonio Díaz Herrera, en 1932: "... contesto hoxe á sua amábel invitazón, da que dende logo atópome indiño. Por iso agradézolle dobremente e agardo que vostede saberá disculparme do cativo da miña obra..."

Terían que pasar varios anos -e moitos e tristes lutuosos sucesos: o fusilamento do pai e do curmán político, Alexandre Bóveda, o exilio de varios familiares...- para que saísen do prelo *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953), *Canle segredo* (1976)..., e os esquecidos *Arco da vella* e *El alba insomne*, o primeiro aínda inédito e o segundo publicado en 1995 co título *Sonetos del alba insomne*. A escolma do Seminario non se remata por mor da Guerra Civil, pero Filgueira Valverde xa recadara a opinión da maioría dos poetas, papeis que conservou sempre no seu arquivo persoal, que fica agora no Museo de Pontevedra.

A *Resposta ao inquérito* é de grande interese para coñecer o seu xeito de pensar, en particular verbo da poesía, da que hoxe damos a coñecer por primeira vez algúns retrincos co gallo de estar a piques de se encetar o Ano de Xosé María Álvarez Blázquez, que acadará o cumio o vindeiro 17 de maio:

Eu .gal

POR UN DOMINIO GALEGO

- [Canle Vivenda](#)
- [Cultura](#)
- [Deputación da Coruña](#)
- [Medio Ambiente](#)
- [Medio Rural](#)
- [Noticario Dixital](#)
- [Turismo](#)
- [Vicepresidencia](#)

"Nascín en Tui en 4 de febreiro de 1915. Meu pai (pontevedrés), periodista, polemista sobre todo; miña nai (cubana) deume un pouco da melanconía das Antillas, e moito do seu amor á poesía. Meu abô paterno, Álvarez Giménez, poeta, meu tío Xerardo tamén. Un tío materno, Alfonso, morto xa tamén poeta nos anos mozos.

Vivín sempre en Tui e perto de catro anos en Pontevedra. Os meus lugares preferidos son tamén Tui e Pontevedra [...]

As leituras numerosas, mais desorganizadas. Lin e leo canto libro cae nas miñas mans, aínda sabendo que fago mal, mais prefiro a literatura vâ â foída cencia, e da cencia a que menos o é: a Historia.

Lin na miña vida dúas novelas de aventuras, pero en troques dinme enchentas de versos malos na miña nenés. Eu mesmo fixen o pirmeiro aos 10 anos.

No galego, prefiro os Canzoeiros; no universal, prefiro o galego [...]

Poética: A miña opinión niste senso resúmese en dúas verbas: é percisa unha volta aos Canzoeiros, e un afastamento radical d-isa corrente que foi snobista hai dez anos e nós, seguindo o exempro de Castela acollímola tarde, pra nosa desgracia, que tamén houbera sido desgracia aínda que a acolléramos cedo. É un espectáculo tristeiro de máis ollar coma os poetas mozos fuxen dos recursos que a nosa lingua, a nosa paisaxe i a nosa raza lles emprestan, pra adoutar unha postura incómoda de servil imitación allea, cando podíamos, coma outrora, encher o mundo inteiro co-as nosas cantigas, i-os cantares de amigo e de amor...".

comentarios

Escribe o teu comentario

Alias

Chave

Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. [De non selo rexístrate agora](#)

Título

Comentario

www.galicia-hoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.